

PLAN ESTRATÉGICO 2015///2020



XUNTA DE GALICIA

DOCUMENTO: DAFO E CADRO DE NECESIDADES

Índice de contidos

1. ANÁLISE DAFO	3
<i>Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente</i>	<i>3</i>
<i>Eixe 2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social</i>	<i>10</i>
<i>Eixe 3. Crecemento sostible, territorio, mar, agricultura, gandería e montes</i>	<i>13</i>
<i>Eixe 4. Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno</i>	<i>20</i>
2. CADRO DE NECESIDADES	24

1. ANÁLISE DAFO

A partir do diagnóstico da situación socioeconómica elabórase a análise DAFO que contribúe a establecer os obxectivos e desenvolver as estratexias de actuación do plan, contrarrestando as ameazas, reforzando as debilidades, aproveitando as oportunidades e impulsando as fortalezas.

Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente

Debilidades	Fortalezas
D 1.1.01 Segundo o índice de innovación rexional calculado en 2011 Galicia atópase no grupo de economías cun compoñente innovador moderado.	F 1.1.01 Produciuse unha mellora nalgúns aspectos vinculados ao investimento, como son a poboación con estudos terciarios, cooperación de pemes para a innovación, innovación non tecnolóxica.
D 1.1.02 En Galicia a intensidade de gasto correspondeu ao 0,88% (2012), por baixo da media nacional e europea e lonxe do obxectivo 2020 do 3%. A porcentaxe de persoal en I+D+i sobre o total tamén é inferior á media nacional.	F 1.1.02 Presenza equilibrada de mulleres entre o persoal e investigadores en I+D nos sectores da Administración Pública e do Ensino superior.
D 1.1.03 Baixa porcentaxe de investimento empresarial sobre o gasto total en I+D, cun 46% fronte ao 53% nacional ou o 63% europeo (2012)	F 1.1.03 A actividade inventiva (número de solicitudes de patentes por millón de habitantes), foi en progresivo aumento ao longo dos anos, ata alcanzar na actualidade case a media española.
D 1.1.04 Tendencia descendente do gasto en Investigación e Desenvolvemento (I+D) desde o ano 2008.	F 1.1.04 Existencia de alto nivel e de bo número de investigadores e persoal de apoio nas Universidades e centros de investigación.
D 1.1.05 Reducido tamaño medio das empresas, que condiciona a súa capacidade de: absorción de novo coñecemento, traslado ao mercado de novas innovacións, mellora da competitividade, crecemento e internacionalización.	F 1.1.05 Existencia de plataformas, redes de infraestruturas tecnolóxicas ofrecida polos centros públicos de investigación e acceso a infraestruturas científicas e tecnolóxicas avanzadas.
D 1.1.06 Estrutura produtiva caracterizada por unha especialización relativa en sectores que non son intensivos en coñecemento e escasa nas actividades de maior intensidade tecnolóxica, o que implica unha baixa capacidade de tracción por parte do sector privado no eido da innovación, coñecemento e nivel tecnolóxico.	F 1.1.06 Sectores industriais tractores con ampla experiencia
D 1.1.07 Baixo nivel de innovación tanto na capacidade para transformar o esforzo en I+D en produtos ou procesos novos, como en modelos de negocio e mellora na cualificación progresiva dos recursos humanos e as súas actividades	F 1.1.07 Infraestruturas competitivas e capital humano con experiencia
D 1.1.08 Rixidez dos modelos de investigación das Universidades.	F 1.1.08 Oferta formativa superior ampla e variada
D 1.1.09 Falta de cooperación e sinerxías entre as pemes para o desenvolvemento de proxectos e actuacións colaborativos en I+D+i	F 1.1.09 Existencia de capacidades investigadoras e de xeración de coñecemento
D 1.1.10 Limitada coordinación (Administración-ciencia-sector), para aproveitar os mecanismos de transferencia tecnolóxica, infraestruturas científicas e tecnolóxicas e	F 1.1.10 Existencia de tradición de investigación agraria, forestal, agroalimentaria, oceanográfica e pesqueira
	F 1.1.11 Formulación da estratexia rexional de especialización intelixente (RIS3). Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación en Galicia.
	F 1.1.12 Existencia programa de captación e retención de talento

Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente

Debilidades	Fortalezas
<p>instrumentos de financiamento e innovación entre os diferentes axentes.</p> <p>D 1.1.11 Baixa capacidade de atracción de talento</p> <p>D 1.1.12 Déficit de transferencia de tecnoloxía por parte do sector público de I+D en comparación co seu nivel de produción científica; e baixa capacidade de absorción polas PEME.</p> <p>D 1.1.13 Maiores dificultades nas zonas máis rurais para o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras e a comunicación cos centros de transferencia de tecnoloxía</p> <p>D 1.1.14 A crise financeira provocou menores oportunidades de crédito e menor dispoñibilidade orzamentaria para programas públicos de I+D+i.</p> <p>D 1.1.15 Deficiencia tecnolóxica respecto a outros países cos que somos competidores.</p> <p>D 1.1.16 Dificil acceso ao financiamento da I+D+i para as empresas de nova creación</p> <p>D 1.1.17 Corporativismo e endogamia: baixa rotación dos investigadores</p> <p>D 1.1.18 Baixa internacionalización</p> <p>D 1.1.19 Baixa percepción social do esforzo público por incrementar o potencial I+D galego</p> <p>D 1.2.01 Caída no período recente do número de empresas, debilidade financeira das que permanecen e restricións no acceso ao crédito.</p> <p>D 1.2.02 Desigualdade territorial debido á concentración da poboación e da densidade empresarial na franxa atlántica.</p> <p>D 1.2.03 Baixa produtividade da actividade e do nivel de investimento en activos no sector primario en relación con outras actividades da economía galega. Alto nivel de endebedamento das explotacións agrícolas e gandeiras</p> <p>D 1.2.04 Insuficiencia de recursos financeiros, especialmente en PEMES, para aplicar novos modelos de dirección e sistemas de xestión para reducir custos, automatizar procesos e facilitar a apertura a novos mercados, etc.</p> <p>D 1.2.05 Falta de espírito emprendedor. Ausencia de programas formativos específicos en autoemprego e emprendemento.</p>	<p>F 1.2.01 Comercio exterior da rexión de Galicia con balance positivo. Grao de apertura comercial internacional da industria galega relativamente elevado.</p> <p>F 1.2.02 Especialización en sectores básicos e intensivos en recursos naturais autóctonos que poden liderar procesos de desenvolvemento endóxicos (sector marítimo pesqueiro, gandería, rocas ornamentais, produtos agrícolas, madeira, enerxía eléctrica ...).</p> <p>F 1.2.03 Alta especialización en certos sectores con presenza de empresas tractoras e polos industriais líderes (técnico, automoción, transformación da pesca e acuicultura, reparación de maquinaria e equipamento, etc.).</p> <p>F 1.2.04 Existencia de clústers naturais con tradición industrial e clústers formalizados que contan con persoal especializado e recoñecemento a nivel europeo e que facilitan a cooperación empresarial e o desenvolvemento sectorial.</p> <p>F 1.2.05 Alto número de agricultores e industrias alimentarias adscritas a producións con distintivos de calidade (DO/IGP).</p> <p>F 1.2.06 Mellora da competitividade e mellores perspectivas de internacionalización.</p> <p>F 1.2.07 Consideración da acuicultura como sector estratéxico, tanto a nivel europeo como nacional.</p> <p>F 1.2.08 Gran potencial do sector comercial como xerador de emprego, especialmente para mulleres e novas</p> <p>F 1.3.01 A porcentaxe de persoas de entre 30 e 34 anos que completaron os estudos superiores alcanzou en 2014 o 42,3% en España e o 44,1% en Galicia, presentando unha posición moi por enriba da media da UE27 do 37,9% e superando o obxectivo da estratexia Europa 2020.</p> <p>F 1.3.02 Os ocupados nas actividades da agricultura e gandería e nos servizos atópanse distribuídos de forma igualitaria segundo o sexo.</p> <p>F 1.3.03 Negociación máis próxima ás necesidades da empresa. Máis posibilidades de flexibilidade</p>

Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente

Debilidades	Fortalezas
<p>D 1.2.06 Exportacións internacionais concentradas en poucas ramas e destinadas principalmente aos países da UE e percepción de inaccesibilidade doutros mercados internacionais.</p> <p>D 1.2.07 Escasa atracción de capital foráneo a Galicia, inferior á que correspondería segundo o seu peso na economía española.</p> <p>D 1.2.08 Forte dependencia exterior no aprovisionamento de materias primas para alimentación animal.</p> <p>D 1.3.01 A taxa de desemprego aínda que, por debaixo da media do Estado, presenta valores moi superiores aos da media europea. Esta taxa é especialmente elevada na poboación xuvenil.</p> <p>D 1.3.02 A produtividade por hora traballada é inferior en case 10 puntos á media nacional e europea.</p> <p>D 1.3.03 Baixa taxa de poboación que se gradúa na formación profesional de grao medio e superior, en torno ao 21,0% e 25,6%, respectivamente.</p> <p>D 1.3.04 Taxa de actividade inferior á media española e europea</p> <p>D 1.3.05 Elevada inestabilidade no emprego, alta taxa de temporalidade, especialmente entre os mozos de 16 a 24 anos (un 67,9%) que traballan de forma temporal involuntariamente.</p> <p>D 1.3.06 Dificultades de acceso ao mercado de traballo de outros colectivos, ademais das persoas mozas, como serían os parados de longa duración, co consecuente desenganche do mercado laboral, ou as persoas en risco de exclusión social</p> <p>D 1.3.07 Escasa empregabilidade dos mozos, especialmente das mulleres con menor nivel de formación</p> <p>D 1.3.08 Desequilibrio territorial entre as provincias de litoral e de interior respecto dos niveis de actividade e emprego</p> <p>D 1.3.09 Reducido tamaño de maioría de empresas empregadoras que se traduce na súa escasa capacidade formadora e de incorporación de tecnoloxía</p> <p>D 1.3.10 Falta de correlación entre mapa de titulacións e as demandas de postos de traballo</p> <p>D 1.4.01 Baixa accesibilidade a nodos de transporte e</p>	<p>interna que conserve emprego.</p> <p>F 1.3.04 Marco regulador das relacións laborais modernizado.</p> <p>F 1.3.05 Cambios nas políticas educativas incluíndo o sistema de formación dual, orientado a dar maiores posibilidades de emprego aos grupos menos cualificados e excluídos do mercado de traballo</p> <p>F 1.3.06 Evolución positiva dos niveis de abandono educativo temperán que mostran un elevado descenso desde 2009, tanto para o conxunto como para homes e mulleres.</p> <p>F 1.3.07 Porcentaxes moi superiores de mulleres con estudos de educación terciaria ou equivalente completados en Galicia. Do 49,1% para mulleres fronte ao 35,8% para homes.</p> <p>F 1.3.08 En Galicia, a diferenza da media nacional, hai unha maior porcentaxe de mulleres en programas de formación profesional (56,7% mulleres respecto dun 43,3% de homes).</p> <p>F 1.3.09 Aumento na taxa de idoneidade no rango de idade dos 14 e 15 anos, especialmente nos homes.</p> <p>F 1.3.10 Extensa rede de centros e institutos con experiencia e capacidade técnica, especializados na formación permanente para o sector marítimo pesqueiro e actividades complementarias.</p> <p>F 1.3.11 Posta en marcha de medidas destinadas, aos desempregados en xeral, pero tamén a determinados colectivos especialmente afectados pola dificultade de volver a acceder a un emprego, ou mesmo pola falta de oportunidades para acceder ao seu primeiro posto de traballo, como son o conxunto de actuacións que acompañen e complementen o Programa de garantía xuvenil e o de activación para o emprego, de maneira que se procure e posibilite que o efecto destas medidas en Galicia sexa, se cabe, máis rápido, eficaz e profundo</p> <p>F 1.3.12 Na saída da crise económica conseguiu-se xerar emprego con baixos niveis de crecemento económico</p> <p>F 1.3.13 Amplo potencial da economía social para a creación de emprego de calidade, a satisfacción de necesidades comúns, a estruturación económica e</p>

Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente

Debilidades	Fortalezas
<p>actividade económica</p> <p>D 1.4.02 Elevada dispersión da poboación que provoca dificultades na prestación de servizos de transporte nas zonas rurais. Deficiencias en transporte interurbano.</p> <p>D 1.4.03 Baixo uso dos medios de transporte de viaxeiros colectivos en zonas urbanas e periurbanas e baixa participación do transporte intermodal</p> <p>D 1.4.04 Forte atomización do sector e falta de cualificación profesional no sector do transporte. Lentitude no proceso de concentración empresarial.</p> <p>D 1.4.05 Reducida utilización de Tics nalgúns sectores e modos de transporte de mercadorías</p> <p>D 1.4.06 Situación xeográfica periférica que prexudica a implantación de centros loxísticos e de transporte</p> <p>D 1.4.07 Descoordinación do sistema aeroportuario que provoca pouca especialidade e complementariedade entre os tres aeroportos galegos</p> <p>D 1.4.08 Desequilibrios territoriais entre a Galicia Atlántica e a Galicia rural (poboación envellecida e demografía negativa)</p> <p>D 1.5.01 Galicia presenta en 2014 un 18,5% de abandono escolar temperán cando o obxectivo da Axenda de Lisboa sitúase no 10%. Por sexos, a taxa é do 21,7% para os homes fronte ao 15,2% nas mulleres.</p> <p>D 1.5.02 Galicia e España non dispoñen de avaliacións externas estandarizadas o que impide dispoñer dunha medida da calidade do ensino. 24 dos 34 países da OCDE si as posúen</p> <p>D 1.5.03 A necesidade de formación profesional específica para a poboación vinculada ao sector pesqueiro e marisqueiro que favoreza o primeiro acceso ao traballo neste sector</p> <p>D 1.5.04 A taxa de participación das mulleres na formación pesqueira é moi inferior con respecto á dos homes, así como o nivel de formación alcanzado é desfavorable para a muller en todos os niveis educativos</p> <p>D 1.5.05 Baixo nivel de aprendizaxe en idiomas.</p> <p>D 1.5.06 Falta de adecuación entre o sistema educativo e o sector empresarial</p>	<p>social</p> <p>F 1.3.14 Plan Galicia industria 4.0 - Axenda da competitividade industrial</p> <p>F 1.3.15 A Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020</p> <p>F 1.3.16 A Estratexia de Emprendemento e Emprego Novo 2013-2016 que trata de impulsar e dinamizar o emprendemento entre a sociedade galega.</p> <p>F 1.4.01 Mellora da vertebración territorial debido ao avance nas infraestruturas de comunicación que facilitan as conexións exteriores e vertebración interior.</p> <p>F 1.4.02 Sistema portuario e transporte marítimos galego especialmente desenvolvido. Galicia, pola súa localización xeográfica, forma parte das redes transeuropeas, fundamentalmente na “autoestrada do mar” de Europa occidental.</p> <p>F 1.4.03 Medidas de cambio modal cara a fórmulas de transporte máis eficientes.</p> <p>F 1.4.04 Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (MOVE) da Xunta de Galicia.</p> <p>F 1.4.05 Presenza de empresas multinacionais, tecnoloxicamente evolucionadas, e con forte vocación exportadora</p> <p>F 1.5.01 Un sistema público de ensinanza eficiente e unha rede de centros que permite dispoñer deste servizo básico en proximidade ao domicilio familiar.</p> <p>F 1.5.02 Aposta pola posta en valor da Formación Profesional.</p> <p>F 1.5.03 Nivel académico superior á media europea entre as mulleres</p> <p>F 1.5.04 O número de alumnos por profesor é de 9,3 en Galicia fronte a 11,8 en España (centros públicos, ensinanza non universitaria)</p>

Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente

Ameazas	Oportunidades
<p>A 1.1.01 Dificultade para a competitividade a medio/longo prazo, por mor do escaso investimento en I+D+i , especialmente no sector privado.</p> <p>A 1.1.02 O baixo número de empresas innovadoras e en sectores de media e alta tecnoloxía.</p> <p>A 1.1.03 Perda de recursos humanos activos en investigación e innovación</p> <p>A 1.1.04 Competencia internacional crecente sobre os recursos, talento, tecnoloxía e atracción de investimentos en I+D+i.</p> <p>A 1.1.05 A dimensión da economía galega e das empresas produce un reducido tamaño da masa crítica, o que dificulta o impulso e captación de proxectos solventes</p> <p>A 1.2.01 Debilidade da demanda interna desde o comezo da crise económica. Caída dos niveis de consumo e contracción no gasto dos fogares</p> <p>A 1.2.02 Especialización industrial nunha serie de actividades suxeitas a fortes procesos de deslocalización (confección e téxtil, naval,...).</p> <p>A 1.2.03 Falta de espírito emprendedor e obstáculos burocráticos e administrativos para aqueles que o teñen.</p> <p>A 1.2.04 Perda de competitividade no sector primario debido á alza dos prezos mundiais das materias primas</p> <p>A 1.2.05 Destrución anual de masa forestal como consecuencia de incendios forestais.</p> <p>A 1.2.06 Caídas de prezos da produción primaria non axustadas ás regras normais do mercado.</p> <p>A 1.2.07 Despoboamento de amplas zonas do interior de Galicia, especialmente na montaña de Lugo e Ourense.</p> <p>A 1.2.08 Incremento da produción en países emerxentes e en vías de desenvolvemento, en ramas moi sensibles para Galicia; competencia mundial crecente.</p> <p>A 1.2.09 Poder de negociación das cadeas de distribución e industrias de síntese fronte ás pemes industriais, especialmente nalgunhas ramas de actividade.</p>	<p>O 1.1.01 O novo período de fondos comunitarios 2014-2020 que outorga unha importancia crecente á I+D como motor de desenvolvemento rexional.</p> <p>O 1.1.02 Liderado empresarial en sectores con percorrido para a innovación</p> <p>O 1.1.03 Mellora da competitividade exterior de Galicia que facilita as posibilidades de comercio exterior.</p> <p>O 1.1.04 Mellora da competitividade mediante a innovación aplicada á eficiencia enerxética e a redución das emisións contaminantes.</p> <p>O 1.1.05 Oportunidades tecnolóxicas aliñadas coas prioridades europeas</p> <p>O 1.1.06 Potencial competitivo e de diversificación por aplicación de tecnoloxías emerxentes a sectores produtivos</p> <p>O 1.1.07 A posta en marcha de instrumentos financeiros para pemes por parte do sector público e a expansión cuantitativa da política monetaria permite mellorar a oferta de crédito.</p> <p>O 1.1.08 O interese da comunidade científica e tecnolóxica por chegar ao mercado a través do emprendemento</p> <p>O 1.1.09 Potencial da compra pública para impulsar o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.</p> <p>O 1.1.10 Existencia de centros de investigación públicos de referencia a nivel nacional.</p> <p>O 1.2.01 Demanda internacional en ascenso implica un maior crecemento potencial.</p> <p>O 1.2.02 Utilización crecente de fórmulas asociativas inter-empresariais para acceder á internacionalización e desenvolvemento de programas públicos.</p> <p>O 1.2.03 Novos mercados e produtos en alimentación (marcas de calidade, produtos ecolóxicos, produtos de calidade diferenciada,</p>

Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente	
Ameazas	Oportunidades
<p>A 1.3.01 Envellecemento da poboación activa e ocupada</p> <p>A 1.3.02 Desánimo ou desmotivación entre os parados de longa duración e dos mozos e mozas fronte ao mercado de traballo</p> <p>A 1.3.03 Perda de capital humano por prolongación do desemprego.</p> <p>A 1.3.04 Falta de conciliación da vida laboral coa vida persoal, especialmente no ámbito do sector privado.</p> <p>A 1.4.01 Baixa dispoñibilidade de recursos financeiros e redución de recursos públicos que podería afectar a proxectos de infraestruturas.</p> <p>A 1.5.01 O desemprego xuvenil</p>	<p>alimentos tradicionais, produtos que transmiten sustentabilidade</p> <p>O 1.2.04 Maior aproveitamento industrial dos recursos naturais de xeito que xeren un maior valor engadido: diversificación da transformación do leite, da madeira e aproveitamentos forestais.</p> <p>O 1.2.05 Reorientación de pequenas explotacións agrarias cara á multifuncionalidade produtiva. Promoción das canles curtas de distribución e participación do agricultor e pescador no valor engadido da cadea de comercialización.</p> <p>O 1.2.06 Integración sectorial de empresas de produción primaria, transformación e comercialización</p> <p>O 1.2.07 Mellora da competitividade exterior da Comunidade e desenvolvemento de actividades industriais.</p> <p>O 1.2.08 Capacidade de crecemento do sector servizos, con especial posibilidade de desenvolvemento nas zonas intermedias de poboación.</p> <p>O 1.2.09 Asesoramento a empresas para a mellora das estruturas empresariais e o acceso a novos mercados.</p> <p>O 1.2.10 Elevado potencial para ao desenvolvemento de enerxías alternativas.</p> <p>O 1.2.11 Acceso a novos mercados internacionais; posición estratéxica para a expansión en mercados como os de América Latina e Asia.</p> <p>O 1.2.12 Potencialidade para transformar os modelos produtivos, de xeito que xeren un maior valor engadido.</p> <p>O 1.3.01 Política industrial orientada cara á obtención dun maior valor engadido, especialmente dos sectores tradicionais, emerxentes ou de alto potencial de crecemento que miran ao futuro, cara a ser competitivos no novo modelo económico global.</p> <p>O 1.3.02 Mellora da empregabilidade dos mozos e mozas coa posta en marcha da Iniciativa Emprego Xuvenil.</p> <p>O 1.3.03 Desenvolvemento de postos de traballo en</p>

Eixe 1. Empregabilidade e crecemento intelixente	
Ameazas	Oportunidades
	<p>novos sectores e áreas: novos xacementos de emprego, emprego verde, sectores tecnolóxicos, I+D+i, sector turístico; economía baixa en carbono, economía mariña e marítima e economía azul.</p> <p>O 1.3.04 Novos incentivos á contratación indefinida: contrato de apoio aos emprendedores; tarifa plana de 100 euros para a contratación; custos laborais reducidos para novas contratacións.</p> <p>O 1.3.05 Mellora da formación dos traballadores dedicados á pesca costeira artesanal. Mellora das condicións de traballo dos mariscadores/as.</p> <p>O 1.3.06 Existencia dunha rede propia para a promoción da economía social con presenza en todo o territorio galego (Rede Eusumo)</p> <p>O 1.4.01 Integración nos grandes proxectos europeos no marco da rede transeuropea de transportes RTE-T.</p> <p>O 1.4.02 Na escena internacional: a liña do corredor Atlántico desde Vigo a Ferrol, conectaría o sur á rede portuguesa con Porto e Lisboa.</p> <p>O 1.4.03 Próxima finalización dos portos exteriores de Langosteira (A Coruña) e de Cabo Prioriño (Ferrol) que impulsarán o transporte terrestre e o tráfico internacional.</p> <p>O 1.4.04 Plataformas loxísticas de Salvaterra, en torno ao Porto de Vigo e plataforma intermodal do Porto seco de Monforte de Lemos.</p> <p>O 1.4.05 Dinamismo do sector exportador</p> <p>O 1.4.06 Capacidade de mellora ambiental do transporte a través da optimización modal</p> <p>O 1.5.01 Unha maior flexibilidade nos horarios lectivos e a anticipación da elección das traxectorias educativas poden contribuir á redución da taxa de abandono á formación e a redución da taxa de persoas que nin traballan nin estudan</p> <p>O 1.5.02 A mellora na cualificación dos mozos, a modernización da formación profesional dual e as accións de orientación profesional para incrementar a súa empregabilidade.</p>

Eixe 2 Benestar das persoas e as familias e cohesión social

Debilidades	Fortalezas
<p>D 2.1.01 Envellecemento da poboación e sobreenvellecemento, que repercute sobre o sistema sanitario</p> <p>D 2.1.02 Alta taxa de cronicidade e de pacientes pluripatolóxicos crónicos</p> <p>D 2.1.03 Baixa eficiencia na prescrición de medicamentos e de xenéricos</p> <p>D 2.1.04 Alto e crecente gasto corrente por cama en funcionamento nos establecementos sanitarios con réxime de internado</p> <p>D 2.1.05 O número de camas hospitalarias por 100.000 habitantes está por debaixo da media EU-28</p> <p>D 2.2.01 A crise económica trae consigo necesidades crecentes para a protección social, para a loita contra a pobreza, a promoción da inclusión e a loita contra a discriminación.</p> <p>D 2.2.02 O 54% da poboación vive en fogares onde todos os seus membros son maiores de 65 anos, dos que o 52% son fogares unipersoais.</p> <p>D 2.2.03 Baixa participación no mercado de traballo da poboación con discapacidade: taxa de actividade do 30,5% en 2013 (persoas de 16-64 anos).</p> <p>D 2.3.01 Reducida taxa de fecundidade: 32,2</p> <p>D 2.3.02 Existencia de áreas de competencia non definida entre servizos sociais, educación e sanidade, para a intervención e tratamento de problemas da infancia e de saúde mental.</p> <p>D 2.3.03 Falta de alternativas para as persoas non cualificadas que afecta ás altas taxas de fracaso escolar.</p> <p>D 2.3.04 Alta taxa de paro xuvenil.</p> <p>D 2.3.05 Insuficientes medidas de apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a coresponsabilidade, especialmente no ámbito privado.</p> <p>D 2.4.01 A renda media por unidade de consumo en Galicia é inferior á media nacional.</p> <p>D 2.4.02 Persistencia de fendas de xénero en diversos ámbitos: actividade laboral, salarios, conciliación e coresponsabilidade.</p> <p>D 2.4.03 Falta de interlocución directa e participación</p>	<p>F 2.1.01 Cobertura sanitaria distribuída por todo o territorio.</p> <p>F 2.1.02 Elevada esperanza de vida ao nacer ,superior á media europea</p> <p>F 2.1.03 Consolidación da historia clínica electrónica e da receita electrónica</p> <p>F 2.2.01 Desenvolvemento do sistema galego de servizos sociais.</p> <p>F 2.2.02 Prioridade ao gasto social.</p> <p>F 2.2.03 Responsabilidade e implicación das entidades de iniciativa social.</p> <p>F 2.2.04 Estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, Horizonte 2020.</p> <p>F 2.2.05 A esperanza de vida aos 65 anos sitúase en 21,2 anos.</p> <p>F 2.3.01 Planificación da Xunta en materia de familia, xuventude e revitalización demográfica.</p> <p>F 2.3.02 Sólido sistema de cobertura dos servizos complementarios da ensinanza.</p> <p>F 2.4.01 Plan de inclusión social e Lei de inclusión social de Galicia.</p> <p>F 2.4.02 Sistema público de prestacións sociais que mantén prestacións específicas para os grupos máis desfavorecidos.</p> <p>F 2.4.03 Práctica de partenariado entre administracións e entidades sociais.</p> <p>F 2.4.04 Cambios nas políticas educativas incluíndo o sistema de formación dual, orientado a dar maiores posibilidades de emprego aos grupos menos cualificados e excluídos do mercado de traballo.</p> <p>F 2.4.05 Experiencia no desenvolvemento de itinerarios individuais de inserción.</p> <p>F 2.4.06 A grande vinculación dos emigrantes con Galicia a través da súa rede de comunidades galegas do exterior.</p> <p>F 2.4.07 O vínculo familiar que a poboación retornada conserva na sociedade galega.</p>

Eixe 2 Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Debilidades	Fortalezas
<p>efectiva dos colectivos de mulleres cos órganos de poder e decisión.</p> <p>D 2.4.04 Necesidades de mellorar a eficacia e a eficiencia das políticas activas de emprego e risco de que os grupos máis vulnerables queden excluídos.</p> <p>D 2.4.05 Condicións de deterioro económico nalgúns países de acollida da emigración galega, que derivan nunha situación de precariedade socioasistencial.</p> <p>D 2.4.06 Falta de información e orientación completa para os emigrantes interesados en retornar.</p> <p>D 2.5.01 Dificultade de acceso a unha vivenda axeitada de familias con baixos ingresos e reducida capacidade de aforro.</p> <p>D 2.5.02 Parque de vivendas de protección pública antigo e pouco eficiente enerxeticamente.</p> <p>D 2.5.03 Baixa incidencia do mercado de aluguer inmobiliario: 10,5% das vivendas.</p>	<p>F 2.5.01 Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.</p>

Eixe 2 Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Ameazas	Oportunidades
<p>A 2.1.01 Progresivo envellecemento da poboación</p> <p>A 2.1.02 Crecente Número de consultas externas nos establecementos sanitarios con réxime de internado</p> <p>A 2.1.03 Crecente custe da prestación farmacéutica</p> <p>A 2.2.01 Desequilibrios na estrutura da poboación: envellecemento e incremento das necesidades sociais e diminución da poboación en idade de traballar.</p> <p>A 2.2.02 Incremento da poboación en situación de dependencia proxectada para 2020.</p> <p>A 2.2.03 Crecemento nos últimos anos das desigualdades sociais.</p> <p>A 2.3.01 Os niveis de pobreza xuvenil e dos fogares monoparentais con fillos ao seu cargo agraváronse especialmente.</p> <p>A 2.3.02 Concentración espacial da pobreza, especialmente en zonas urbanas desfavorecidas e en zonas rurais.</p>	<p>O 2.1.01 Crecente tendencia de utilización da teleasistencia e uso da tecnoloxía na asistencia médica.</p> <p>O 2.2.01 Desenvolvemento de sectores relacionados coa atención a persoas en situación de dependencia.</p> <p>O 2.2.02 Desenvolvemento de novas tecnoloxías como medio para mellorar a calidade de vida e o benestar social das persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela.</p> <p>O 2.2.03 Promover hábitos saudables e de autocoidado entre as persoas con dependencia para mellorar a súa saúde e funcionalidade.</p> <p>O 2.3.01 Posibilidade de por en marcha novos servizos de atención á infancia.</p> <p>O 2.3.02 Posibilidade de poñer en marcha protocolos de actuación comúns e de coordinación con outras administracións.</p>

Eixe 2 Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Ameazas	Oportunidades
<p>A 2.3.03 Transmisión xeracional da pobreza, especialmente no caso dos máis novos.</p> <p>A 2.3.04 Saldo migratorio negativo na poboación xuvenil.</p> <p>A 2.4.01 Aumento da taxa de fogares con carencia material severa e dos fogares con baixa intensidade de traballo.</p> <p>A 2.4.02 A imposibilidade de actuar directamente nos países de residencia da emigración galega.</p> <p>A 2.4.03 A conxuntura do mercado laboral español na actualidade non contribúe a un retorno favorable.</p> <p>A 2.5.01 A crise económica está a provocar un importante número de execucións hipotecarias e desafuzamentos de vivendas.</p> <p>A 2.5.02 Incremento das persoas sen fogar.</p>	<p>O 2.4.01 Mellora dos indicadores e das previsións macroeconómicas a medio prazo.</p> <p>O 2.4.02 Posibilidade de impulsar novas iniciativas relacionadas coa economía social e as empresas sociais innovadoras.</p> <p>O 2.4.03 Rexeneración de contornas urbanas e rurais física e socialmente degradados.</p> <p>O 2.4.04 Mellora do acceso a servizos das persoas en situación de risco de exclusión a través de inversións sociais, poñendo especial énfase na accesibilidade universal de bens e servizos.</p> <p>O 2.4.05 Proxección exterior da economía, cultura e valores de Galicia no exterior a través das comunidades galegas.</p> <p>O 2.4.06 Aproveitamento da formación e coñecementos adquiridos na emigración para favorecer o proceso de retorno.</p> <p>O 2.5.01 Impulso á actividade do sector da construción e servizos inmobiliarios con medidas de rehabilitación de vivendas e de fomento do aluguer.</p>

Eixe 3 Crecemento sostible, territorio, mar, agricultura, gandería e montes

Debilidades	Fortalezas
<p>D 3.1.01 Reducida actividade portuaria nun gran número de portos</p> <p>D 3.1.02 Diferenzas importantes entre os portos en canto a infraestruturas e condicións de uso</p> <p>D 3.1.03 Existen aínda un número importante de explotacións lácteas que adoecen de niveis produtivos axeitados, e que carecen dunha base xenética nos animais que aseguren a adecuada rendibilidade.</p> <p>D 3.1.04 Os recursos zootécnicos autóctonos, como orixe de producións diferenciadas, están escasamente estendidos</p> <p>D 3.1.05 Falta de iniciativa para modernizar os viñedos investindo en novas técnicas de produción e reconversión a variedades autóctonas mellor adaptadas as condicións agroclimáticas de Galicia</p> <p>D 3.1.06 Envellecemento da poboación activa agraria e pesqueira. Porcentaxe inferior de poboación activa nas provincias do interior.</p> <p>D 3.1.07 Escaso tamaño das explotacións e as empresas alimentarias, forestais e pesqueiras. Baixo nivel de internacionalización na comercialización da produción alimentaria</p> <p>D 3.1.08 Baixo nivel formativo dos xefes de explotación agraria, que maioritariamente só dispoñen de formación práctica</p> <p>D 3.1.09 Baixo nivel de investimento en activos sobre PIB no sector primario en relación coa media da economía galega.</p> <p>D 3.1.10 Alto nivel de endebedamento das explotacións agrícolas e gandeiras</p> <p>D 3.1.11 Alta porcentaxe de explotacións en áreas con limitacións específicas: despoboamento e zonas de montaña.</p> <p>D 3.1.12 Escasa dimensión das cooperativas agrarias</p> <p>D 3.1.13 Insuficiente desenvolvemento da xestión forestal sustentable dos recursos forestais</p> <p>D 3.1.14 Alta incidencia de incendios forestais con repetición de taxas anuais superiores ao 0,5 % da</p>	<p>F 3.1.01 Liderado no sector lácteo, forestal e pesqueiro. Liderado do sector pesqueiro nas Organizacións Rexionais de Pesca (ORP).</p> <p>F 3.1.02 Empresas líderes no sector da pesca con sólida estrutura</p> <p>F 3.1.03 Experiencia previa na modernización e renovación de embarcacións de pesca.</p> <p>F 3.1.04 Importante representatividade e versatilidade da flota artesanal</p> <p>F 3.1.05 Incremento na demanda e consumo per cápita de produtos pesqueiros, tanto en mercados nacionais como internacionais</p> <p>F 3.1.06 Calidade e elevado valor comercial dalgunhas especies (Ex. Pescada, rape, galo ou langostino, etc.).</p> <p>F 3.1.07 Creación dunha asociación de lonxas para o impulso e a modernización da produción e a comercialización no sector de baixura</p> <p>F 3.1.08 Excelente infraestrutura de portos, lugares de desembarque e importante industria auxiliar</p> <p>F 3.1.09 Amplas competencias e aptitudes dos profesionais do sector en todas as modalidades de pesca e tipos de pesqueiras.</p> <p>F 3.1.10 Capacidade emprendedora das mulleres e importante papel no funcionamento das pemes pesqueiras.</p> <p>F 3.1.11 Importancia do sector agroalimentario e do complexo mar industria na economía galega</p> <p>F 3.1.12 Ampla dispoñibilidade de centros públicos de investigación e formación agroforestal</p> <p>F 3.1.13 Dispoñibilidade dunha rede de oficinas técnicas agrarias distribuídas no territorio</p> <p>F 3.1.14 Liderado dos sectores lácteo e forestal no mercado español. Tenreira Galega mantén o liderado do mercado español de carnes con distintivo de calidade.</p> <p>F 3.1.15 Condición climática favorable para a produción agrícola e forestal.</p> <p>F 3.1.16 Dispoñibilidade de recursos xenéticos</p>

Eixe 3 Crecemento sostible, territorio, mar, agricultura, gandería e montes

Debilidades	Fortalezas
<p>superficie forestal arbórea total</p> <p>D 3.2.01 A Comunidade Autónoma de Galicia é deficitaria en enerxía, o 18,4% da enerxía primaria provén de Galicia e o 81,6% é importado.</p> <p>D 3.2.02 Fontes de enerxías renovables instaladas moi dependente das condicións meteorolóxicas.</p> <p>D 3.2.03 Intensidade enerxética galega 295 ktep por 1000 euros. Superior á media española e europea. O obxectivo de eficiencia enerxética na Estratexia Europa 2020 expón seguir reducindo esta cifra ata 132,57 ktep/1000€ en 2020.</p> <p>D 3.2.04 As emisións de gases efecto invernadoiro están en 2011 18 puntos por encima do obxectivo 2020, a pesar da redución nos últimos anos. As empresas de Galicia superaron as emisións de toneladas de CO2 declaradas fronte ás a priori asignadas.</p> <p>D 3.2.05 O marco de apoio ás enerxías renovables supuxo un sobrecusto para o sistema eléctrico que incrementou o déficit tarifario</p> <p>D 3.2.06 Mobilidade baseada prioritariamente, no relativo ás persoas, no vehículo privado. Transporte urbano de pasaxeiros moi reducido (3,7% do total nacional en 2013).</p> <p>D 3.2.07 Pouco desenvolvemento da enerxía a partir de biomasa forestal residual ou subprodutos ou residuos da agricultura.</p> <p>D 3.2.08 Baixa implantación de tecnoloxías enerxeticamente eficientes</p> <p>D 3.3.01 A estacionalidade da demanda turística, centrada no mes de agosto, e a baixa estadia media</p> <p>D 3.3.02 A escasa cultura da innovación como factor necesario para favorecer ao sector turístico</p> <p>D 3.3.03 A necesidade de capacitación de recursos humanos con formación en turismo</p> <p>D 3.3.04 Un tecido empresarial formado por empresas turísticas de pequeno tamaño e cun reducido avance tecnolóxico</p> <p>D 3.3.05 O feísmo urbanístico e a abundancia de elementos disonantes que prexudican a paisaxe</p>	<p>autóctonos de alto mérito, especialmente no ámbito da produción cárnica e vitícola.</p> <p>F 3.1.17 A importancia da masa forestal galega converte á Comunidade nun bo sumidoiro de carbono</p> <p>F 3.2.01 As enerxías renovables seguen mantendo un papel fundamental no escenario enerxético galego (52,9% da xeración eléctrica, 32% sen considerar a grande hidráulica), con especial incidencia a enerxía eólica (27%).</p> <p>F 3.2.02 Evolución positiva e alto potencial en instalacións de produción de enerxía eólica e en potencia instalada nos últimos anos.</p> <p>F 3.2.03 Diminución da porcentaxe de consumo de enerxía primaria por carbón e petróleo e aumento das renovables.</p> <p>F 3.2.04 Os valores para Galicia do consumo eléctrico procedente de enerxías renovables superan amplamente as medias nacionais. Segundo os últimos datos dispoñibles, de 2011, supoñen o 34,5% e 70,3% para España e Galicia respectivamente.</p> <p>F 3.2.05 As emisións de GEI por parte das industrias do sector enerxético reducíronse nun 35,6% no período 1990-2011.</p> <p>F 3.2.06 Factor de emisións (toneladas de CO2/MWh) diminúe cada ano polo incremento da xeración a través de enerxías renovables.</p> <p>F 3.2.07 Mix de xeración de electricidade diversificado (carbón, gas natural, eólica, hidráulica)</p> <p>F 3.3.01 O camiño de Santiago como icona turístico diferencial, elemento desestacionalizador e captador de turismo internacional. As catro declaracións de patrimonio da Humanidade: Torre de Hércules, Catedral de Santiago, Camiño de Santiago e Muralla de Lugo</p> <p>F 3.3.02 A biodiversidade e a riqueza das rías galegas como elemento diferenciador da oferta turística. A gran variedade e cantidade de espazos naturais protexidos</p> <p>F 3.3.03 O liderado en canto a praias con bandeiras azuis e en sendeiros azuis</p>

Eixe 3 Crecemento sostible, territorio, mar, agricultura, gandería e montes

Debilidades	Fortalezas
